



arela

memoria  
2025



# Saúdo

Presentamos a memoria de actividades da **Asociación ARELA**, na que recollemos os principais datos, actuacións e fitos dun 2025 que foi de consolidación, de reivindicación e avance estratéxico.

**ARELA** mantivo o seu traballo a través dos **concertos sociais coa Xunta de Galicia**, dando seguimento á intervención que realizamos dende as 6 Casas de Familia, 2 CADI (Centros de Día de Atención Integral) e dende o CIEMA (Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto). Este último servizo celebrou o seu 25 aniversario, un percorrido que fala de experiencia, especialización e compromiso sostido coa adolescencia en conflito social.

Seguimos traballando neste 2025 cos programas **CaixaProinfancia**, **CONVIVE.COMigo** e **Ktorce18** asegurando estabilidade nos procesos de intervención e continuidade nas oportunidades ofrecidas a nenos, nenas, adolescentes e familias.


No ámbito da **Preservación Familiar** seguiuase consolidando o traballo conxunto coa Fundación Meniños. A avaliación externa realizada polo **Grupo ESCULCA** da Universidade de Santiago de Compostela achegou evidencia científica sobre a eficacia do modelo, reforzando a necesidade de apostar por políticas preventivas baseadas en resultados.

Mais 2025 non foi só un ano de xestión. Foi tamén un ano de defensa do sector. A través do traballo impulsado en **GAFIX** intensificouse a coordinación entre entidades para reclamar un marco económico máis xusto, sostible e acorde á responsabilidade que asumimos no sistema de protección e no sistema de xustiza penal xuvenil. A calidade da atención á infancia e á adolescencia non pode depender de equilibrios precarios nin de actualizacións insuficientes. O sector precisa estabilidade, recoñecemento e planificación a medio e longo prazo.

Así mesmo, a través do traballo que desenvolvemos na **Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG)**, continuamos avanzando na mellora da cobertura e garantía de dereitos da infancia e adolescencia galega, fortalecendo o diálogo coas administracións e a capacidade de proposta do terceiro sector.

Esta memoria recolle resultados, pero tamén unha posición; seguir profesionalizando, seguir avaliando, seguir incidindo. Garantir dereitos non é unha declaración de intencións, é unha responsabilidade colectiva que require decisión e visión de futuro.

Julio Barreiro González  
Director Asociación ARELA



# A asociación ARELA

## Quen somos?

En 1998 un grupo de profesionais da educación social, do traballo social, da psicoloxía, da pedagogía, ....crean a Asociación ARELA.

Somos unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, segundo se recolle no DOG do 22 de maio de 2018.

## Misión

A nosa **MISIÓN** é o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en risco de exclusión, en situación de desprotección ou en conflito social, fomentando iniciativas de intervención e prevención nestas situacións, de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

## Valores

ARELA asume o **COMPROMISO** coa infancia e a mocidade desprotexida e/ou en conflito social, a través dos seguintes valores:

- Fomento de **INICIATIVAS** que se adapten ás novas necesidades detectadas.
- Intervención **INDIVIDUALIZADA** baseada na **FLEXIBILIDADE** e na **AUSENCIA DE PREXUÍZOS**.
- **RESPECTO** e **CONFIANZA PERMANENTE** nas posibilidades e potencialidades dos nenos e nenas, adolescentes e mocidade
- **PROFESIONALIDADE** cun estilo de intervención baseado no **TRABALLO EN EQUIPO**, a **COLABORACIÓN EN REDE**, a **FORMACIÓN CONTINUA** e a **EFICIENCIA**.
- **CALIDADE**, **TRANSPARENCIA** e **MELLORA CONTINUA** na xestión.
- **IMPLICACIÓN** e **PARTICIPACIÓN** dos membros da entidade na toma de decisións.
- **CONCIENCIACIÓN** da sociedade da situación da infancia e a mocidade desprotexidas e/ou en conflito social a través da **PRESENZA** e **IMPACTO**.

# Os órganos de goberno

## a asemblea de socios e socias

No ano 2025, na Asociación ARELA, celebramos 4 asembleas de socios e socias (2 ordinarias e 2 extraordinarias).

A **Asociación ARELA** rematou o ano 2025 con 43 socios e socias.

## a xunta directiva

A xunta directiva de **ARELA** estivo formada no ano 2025 polas seguintes persoas:



**PRESIDENTA**  
Sonia López Fernández



**TESOUREIRA**  
Patricia Varela Guntín



**SECRETARIA**  
Lorena Gil Cobo



**VOGAL**  
María Carmen Borrajo Díaz



**VOGAL**  
Alba García Nogueiras

## o equipo directivo

O equipo directivo de **ARELA** encárgase da coordinación dos diferentes servizos, programas e áreas de traballo da entidade. Está formado polas seguintes persoas:

**DIRECTOR:** Julio Barreiro González.

**COORDINADORA ÁREA DE PROTECCIÓN:** Iria Fernández Méndez.

**COORDINADORA ÁREA DE CONFLITO SOCIAL:** Ana Pérez Figueroa.

**RESPONSABLE DE XESTIÓN:** María Marcote Márquez.

## o equipo humano

### a intervención profesional en ARELA

A intervención dos profesionais de ARELA fundaméntase nos seguintes principios:

- Intervención **INDIVIDUALIZADA** baseada na **FLEXIBILIDADE** e na **AUSENCIA DE PREXUÍZOS**.
- **RESPECTO** e **CONFIANZA PERMANENTE** nas posibilidades e potencialidades dos nenos e nenas, adolescentes e mozos e mozas.
- Estilo de intervención baseado no **TRABALLO EN EQUIPO**, a **COLABORACIÓN EN REDE**, a **FORMACIÓN CONTINUA** e a **EFICIENCIA**.

### o equipo de profesionais

No 2025 traballaron na Asociación ARELA 129 persoas.









Servizo de Casas de Familia

69 nenos, nenas e adolescentes atendidos



Servizo de Centros de día

31 nenos, nenas e adolescentes atendidos



Servizo de CIEMA

261 adolescentes, mozos e mozas atendidos



3846 alumnos e alumnas e 364 docentes



Espazos de preservación familiar

294 nenos, nenas e adolescentes  
185 familias




CONVIVE.  
COM.igo

5 grupos familiares activos en 2025

CaixaProinfancia  
Coordinación local

223 nenos, nenas e adolescentes  
136 familias





# Casas de familia

## Que son?

As **casas de familia** son recursos de atención residencial de pequeno tamaño nos que conviven nenos, nenas, adolescentes e mozos ou mozas en situación de desprotección familiar, acompañados por equipos educativos. Constitúen fogares de carácter temporal nos que se desenvolve unha intervención educativa integral, orientada a dar resposta ás necesidades persoais, sociais e emocionais das persoas atendidas.

Trátase de **fogares temporais** nos que se desenvolve unha intervención educativa intensiva, orientada a dar resposta ás necesidades emocionais, sociais e persoais de cada persoa menor de idade. O día a día nas casas artículase arredor da convivencia, a adquisición de hábitos, a escolarización, o lecer e a participación na comunidade, favorecendo procesos de desenvolvemento o máis normalizados posible.

**ARELA** xestiona seis **casas de familia** en Galicia (Vigo, Santiago de Compostela, Allariz, O Barco de Valdeorras e Monforte de Lemos), todas elas en funcionamento mediante concertos sociais asinados coa Administración autonómica.

## Misión

Favorecemos a integración familiar e social dos nenos, nenas e adolescentes, en desprotección familiar, mediante unha intervención educativa, integral e individualizada; enmarcada nun clima acolledor, de afecto e respecto, traballando en rede cos axentes sociais implicados.


## Datos do servizo de casas de familia en 2025

A continuación recolleemos os datos máis salientables do servizo de **casas de familia** de **ARELA** en 2025.



# as casas de familia en 2025


perfil de nenos, nenas e adolescentes atendidos/as



nivel de **ocupación** media das **casas de familia** de ARELA: >93%

análise das **baixas**: número, motivos,...

**21** nenos, nenas e adolescentes baixa en 2025



**430** días de estancia media das baixas

## satisfacción co servizo

☆☆☆ 1,62/2 *satisfacción media de nenos e nenas*  
 👍 3,86/5 *satisfacción media de persoas adolescentes*

## financiamento

O servizo de **casas de familias** xestionase mediante Concerto Social asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia





# Centros de día

## Que son?

Os **Centros de Atención de Día Integral** son recursos a través dos que se leva a cabo unha intervención educativa con nenos ou nenas e adolescentes con dificultades socio-familiares, intentando acadar os cambios precisos para normalizar a convivencia familiar.

Ademais da intervención cos nenos e nenas, o pilar fundamental do servizo é a intervención coas **familias**; xa que soamente os cambios en todo o contexto familiar van a procurar cambios substanciais que permanezan no tempo e así, se poidan eliminar e/ou minimizar os factores de risco que motivaron a medida de atención de día. Intervención que se fai a través dun Programa de Intervención Familiar.

**ARELA** xestiona **dous centros de día** en Galicia (Santiago de Compostela e O Barco de Valdeorras), todas eles en funcionamento mediante concertos sociais asinados coa Administración autonómica.

## Misión


Normalizamos a convivencia familiar de nenos, nenas e adolescentes con dificultades socio-familiares, para que, a través da intervención educativa, integral e individualizada, en rede, con outros profesionais, dentro do seu entorno, se acaden os cambios precisos.

## Datos do servizo de centros de día en 2025

A continuación recolleemos os datos máis salientables do servizo de **centros de atención de día integral** de **ARELA** en 2025

# os centros de día en 2025

perfil de nenos, nenas e adolescentes atendidos/as



## atención familias



## análise das baixas: número, motivos,...



## satisfacción co servizo



## financiamento

O servizo de centros de día xestionase mediante Concerto Social asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia





# CIEMA Medio aberto

## Que son?

O CIEMA é un servizo para adolescentes e mocidade en conflito social, destinado ao cumprimento de medidas xudiciais en medio aberto e de reparacións extraxudiciais. Réxense pola Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores.

As medidas susceptíbeis de ser executadas no CIEMA ARELA son Tratamento ambulatorio; Asistencia a un centro de día; Liberdade vixiada; Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo; Prestacións en beneficio da comunidade; Tarefas socioeducativas; Permanencias de fin de semana no domicilio e Reparacións extraxudiciais.

## Misión

O fomento de maiores niveis de responsabilidade, autonomía persoal e a non reincidencia, mediante a intervención educativa, integral e individualizada, con adolescentes, mozos e mozas en conflito social, contando coa cooperación de todos os axentes sociais e da familia.

## Fitos destacables en 2025

En 2025 celebramos o 25 aniversario dos CIEMA en Galicia.



As entidades que xestionamos estes centros (Fundación Dignidade, Fundación Camiña Social, Centro Trama e ARELA) conmemoramos esta traxectoria cun acto institucional celebrado en Santiago de Compostela, no que participaron representantes da Administración autonómica, profesionais, e persoas que ao longo destes anos formaron parte da historia dos centros.



## o CIEMA en 2025

### perfil de adolescentes e poboación moza atendida



**261**  
adolescentes  
mozos e  
mozas  
atendidos



**14,5%**  
reincidencia  
en medidas  
xudiciais

### medidas xudiciais executadas

**332**  
medidas  
executadas  
en 2025



### satisfacción co servizo



### financiamento

O CIEMA xestionase mediante Concerto Social asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia





# KTORCE18



## Que é?

O programa **KTORCE18** é unha **oferta preventiva**, dirixida aos centros educativos de Galicia que abarca os retos de, por unha banda, reflexionar sobre as condutas infractoras cometidas na adolescencia e, por outra banda, sensibilizar sobre o acoso escolar e maltrato nas aulas. O Programa, realizado en colaboración coa **Fundación BARRIÉ** consiste nunha serie de **obradoiros ofertados ao alumnado da ESO e das FPB** da comunidade galega. Cada ano ofértanse unha serie de obradoiros por provincias que se asignan por orde de inscrición, resultando durante o curso 2024-2025 un total de **119 actividades**, sendo a demanda actual moi alta.

## Misión

Ofrecer formación e información veraz á poboación adolescente de Galicia sobre a Lei do Menor e a prevención do acoso, promovendo a reflexión e a actitude crítica de cara á mellora da convivencia.

## Datos do programa no curso 2024-2025

A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa **KTORCE18** de prevención de condutas infractoras de **ARELA** e a **Fundación BARRIÉ** no curso 2024-2025.

# o programa KTORCE18. Curso 24-25

**participantes** no Programa KTORCE18


**3846**  
alumnos e  
alumnas

**364**  
docentes




## accións realizadas (charlas e obradoiros)

**74**  
centros  
educativos



**119**  
charlas  
realizadas



## satisfacción co servizo



**4,34/5**

satisfacción media  
obradoiros

## financiamento

O Programa KTORCE18 lévase a cabo mediante un convenio asinado coa Fundación BARRIÉ.

**Fundación Barrié**



# CONVIVE.COMigo

## Que é?

O programa CONVIVE.COMigo traballou durante o 2025 na provincia de Pontevedra a través dun novo convenio asinado entre ARELA e a Consellería de Política Social e Igualdade.

## Misión

A misión do programa CONVIVE.COMigo é a captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir coa Medida de Convivencia con persoa ou familia, en contornas positivas e diferentes ás que teñen na actualidade.

## Como contactar?

Para obter máis información sobre o programa CONVIVE.COMigo pódense utilizar os seguintes medios:

- Enderezo electrónico: [convive@arela.org](mailto:convive@arela.org)
- Teléfono: 604 038 672

## Datos do servizo en 2025

A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa CONVIVE.COMigo en 2025.



## o CONVIVE.COMigo en 2025

participantes no programa CONVIVE.COMigo

5

grupos  
familiares  
activos en  
2025

1

medidas de  
convivencia  
executadas  
en 2025

En 5 concellos en 2025

- Cangas
- Moaña
- Padrón
- Vigo \*
- A Estrada \*

\* Baixas temporais e definitivas en 2025

## reunións con concellos e colectivos

No ano 2025, continuamos realizando diferentes accións de difusión do Programa CONVIVE.COMigo a través da colaboración de entidades do tecido social, así como con concellos da provincia e os diferentes colexios profesionais.

Nestas reunións búscase que se colabore na promoción desta tipoloxía de acollimento familiar e a sensibilización cara os/as adolescentes que teñen que cumprir medidas xudicias.

O programa contempla varias reunións e comunicación continua co Xulgado de Menores (equipo técnico, fiscalía e xuíza de menores) de cara a valorar propostas de derivación ou consultas sobre dispoñibilidade das familias do programa.



## financiamento

O programa CONVIVE.COMigo lévase a cabo a través dun convenio asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE



# CaixaProinfancia

## Que é?

É un programa dirixido a nenos, nenas e adolescentes e as súas familias en situación de pobreza e/ou exclusión social.

Dende o ano 2016, a **Asociación ARELA** é a entidade coordinadora e referente do programa CaixaProinfancia en Santiago de Compostela e Vigo.

Impúlsanse accións socioeducativas en clave de proceso de transformación para promover o desenvolvemento dos nenos, nenas e adolescentes e as súas familias co obxectivo de xerar oportunidades presentes e futuras. E coordínanse as actuacións a través dun modelo de traballo en rede cos e coas profesionais dos distintos ámbitos (educación, saúde, servizos sociais e entidades sociais) en ambas cidades. Desta forma procúrase facer máis eficaz e eficiente a intervención.

O programa ten un enfoque territorial co fin de manter unha aposta clara polas familias e nenos, nenas e adolescentes que conviven nese territorio aumentando o capital social comunitario. Dende o ano 2016, desenvólvese en Vigo, no territorio do Calvario e Rivera Atienza, e en Santiago de Compostela, en Fontiñas.

## Misión

Romper o círculo da pobreza herdada, que afecta aos nenos, nenas e adolescentes en situación de exclusión social, garantindo o acompañamento e o acceso a oportunidades socioeducativas de calidade, mantendo unha concepción sistémica da familia, a través dunha visión integral da acción e cun enfoque territorial e de traballo en rede.

## Datos do programa en 2025



A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa CaixaProinfancia en 2025.

## o CaixaProinfancia en 2025

participantes na Coordinación local: Vigo e Santiago



## accións realizadas en Vigo e Santiago



## coordinación territorial

Dende o 2020, a **Asociación ARELA** asume a Coordinación Territorial do Programa **CaixaProinfancia** en Galicia e Asturias. Acompañando a 35 entidades sociais, coordinadas localmente por Fundación Juan Soñador (A Coruña, Lugo e Ourense), Fundación Meniños (Pontevedra), Asociación Dignidad (Ferrol), **Asociación ARELA** (Vigo e Compostela), Asociación Cultural Norte Joven (Mieres) e Asociación CUANTAYÁ (Xixón).

Esta coordinación territorial permite manter un modelo compartido de colaboración público-privada nas nove redes, favorecendo a creación de sinerxías que fortalecen e enriquecen a intervención social coas persoas participantes.

## financiamento

O programa está impulsado, acompañado e financiado pola **Fundación "la Caixa"**



CaixaProinfancia



# Espazos de preservación familiar

## Que son?

En colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, a xestión do programa corresponde á UTE Espazos, formada pola **Fundación MENIÑOS** e a **Asociación ARELA**.

Os Espazos de Preservación Familiar son unha proposta innovadora para a protección e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia. Ofrecen un servizo integral que abarca apoio psicolóxico, social e educativo para nenos, nenas e adolescentes que se atopen en situacións de risco leve, e ás súas familias nas comarcas de Ferrolterra, O Salnés e Barbanza.

## Misión

Ofrecer un espazo de segunda oportunidade para que as familias, co apoio e os recursos adecuados, poidan recuperar e adquirir as competencias necesarias para asumir de maneira responsable a crianza. Evitar a separación dos fillos e fillas das súas familias, superando a situación de vulnerabilidade e previndo a súa reparaición.

## Feitos destacables en 2025

Distintivo de Benestar Social 2025 do Concello de Boiro.

Informe dos resultados do estudo científico da avaliación do programa Grupo Escolca da USC.




## Datos do servizo en 2025

Os datos máis salientables dos Espazos de Preservación Familiar en 2025.


## espazos preservación familiar 2025

### espazo de preservación do **Barbanza (A Pobra)**

**55**  
familias  
atendidas  
en 2025



**84**  
nenos, nenas  
e  
adolescentes




> Atendidas familias de A Pobra do Caramiñal, Boiro, Ribeira, Dodro, Rianxo, Lousame e Porto do Son

### espazo de preservación do **Salnés**

**73**  
familias  
atendidas  
en 2025




**114**  
nenos,  
nenas e  
adolescentes




> Atendidas familias de Vilagarcía, Vilanova, Caldas de Reis, Cambados, Valga, Ribadumia...

### espazo de preservación de **Ferrolterra (Ferrol)**

**57**  
familias  
atendidas  
en 2025



**96**  
nenos,  
nenas e  
adolescentes



> Atendidas familias de Ferrol, Narón, Fene, Cabanas, San Sadurniño, Valdoviño, Monfero...

## financiamento



# Xestión en ARELA



## Incidencia e representación

A **Asociación ARELA** traballa, ano tras ano, visibilizando a situación da infancia, adolescencia e mocidade en Galicia e facendo incidencia sobre as necesidades detectadas. Para a consecución deste obxectivo estamos integrados en redes como a EAPN Galicia, a Plataforma de Infancia de Galicia, a Asociación Empresarial Galega de Familia, Infancia e Xuventude (GAFIX)



## Comunicación externa

A difusión dos proxectos da entidade e o posicionamento ante os debates da actualidade informativa permitíronnos facer escoitar a nosa voz ante a sociedade a través de diferentes canles de comunicación.



## Transparencia

Para a **Asociación ARELA** un dos valores fundamentais é a transparencia na xestión dos recursos que nos permiten desenvolver os servizos e programas da entidade.



## Financiamento e colaboracións

O traballo a prol da infancia e adolescencia en situación de desprotección e/ou conflito social da **Asociación ARELA** non sería posible sen o financiamento e a colaboración de administracións e entidades públicas e privadas.

## a incidencia en 2025

A Asociación **ARELA** forma parte de diferentes plataformas de traballo en rede, a través das que fomentamos a incidencia e a coordinación para mellorar a calidade de vida da infancia de Galicia e as súas familias.

### Plataforma de organizacións de infancia de Galicia (POIG)

A POIG ten a misión de agrupar os esforzos das entidades que traballan no ámbito da infancia e de crear un espazo de coordinación que defenda, promova e protexa os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno no territorio galego.

Conformada por 51 entidades. En 2025 traballamos nas comisións de Incidencia Política e Protección. **ARELA** forma parte desta organización dende o 2018, como entidade constituínte. En 2024 asumimos a secretaría da Xunta Directiva desta plataforma.



### EAPN Galicia. Rede galega contra a pobreza

Organización que reúne ás entidades do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena. Formada por 30 entidades membro, representativas de colectivos vulnerables, que conectan en rede os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, para canalizar e dar voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política. **ARELA** forma parte desta organización dende o 2014.



### GAFIX.

#### Asociación empresarial galega de familia, infancia e xuventude

Dá servizo ás organizacións que interveñen no ámbito do sector da Protección; da Xustiza Xuvenil; Saúde Mental da Infancia, a Xuventude e a Familia, en materia de xestión e intervención psicolóxica, social e sanitaria. Defende os intereses das entidades asociadas, asesora ás mesmas en todo o que afecte á súa actividade, é interlocutora coas distintas administracións públicas e sindicatos. **ARELA** forma parte da Xunta Directiva desta agrupación de entidades.

# comunicación externa en 2025

A defensa dos dereitos dos nenos e nenas, o posicionamento en temas de interese ou a difusión dos servizos, programas e accións da entidade, centran a **estratexia de comunicación de ARELA**.

BOIRO

## Premio en Boiro para vecinos y entidades que son un ejemplo a seguir

M. X. B.



Autoridades y premiados con el Distintivo de Bienestar Social de Boiro. Cedido



Nigrán busca familias que cambien vidas: o Concello impulsa con Arela o acollemento de adolescentes con medidas xudiciais



Convocatoria de Proyectos Sociales



# transparencia

## a importancia da transparencia

A dirección e os profesionais da **asociación ARELA** continuaron apostando no ano 2025 pola transparencia e o traballo de calidade en todos os servizos e programas da entidade.

## certificación de calidade ISO 9001:2015

Os servizos e programas da **asociación ARELA** están certificados na norma UNE EN ISO 9001. Como nos períodos anteriores, no ano 2025 a auditoría externa foi realizada por AENOR.



## auditoría externa de contas

No ano 2025 volvemos a auditar externamente as contas da **Asociación ARELA**.  
 Más información económica na web, en <https://arela.org/transparencia/>

# financiamento

## financiamento público





## financiamento privado



Fundación Barrié



## colaboradores









Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo  
36205 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 986 212 537  
[arela@arela.org](mailto:arela@arela.org)  
[www.arela.org](http://www.arela.org)

